



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades

Era un cura, destes que hai nas aldeas, que por medo, de non morrer afogados, nin se, de gharstar canto teñen, non se lavan nunca, deixando que morriña os cubra desde os pés á cabeza. A este do meu conto nacéronlle os pelos dentro das orellas, que máis ben orellas parecían dous anacos de touciño.

De virtudes andaba, coitado, tan mal como de limpeza. Tiña uns zapatos con tantísimos remendos que o mellor zapateiro non era capaz de decir con certeza cal era o xénero primitivo. Agora que sí, tocando a mulleres, non deixaba quedar mal ós coleghas. Un día estivo el falando con unha veciña, muller dun ferreiro e díxolle:

- Tes uns ollos Pepa que non pode un mirar muito tempo pra eles sin sentir cóxegas por todo o corpo.
- Caraina, don Climente, que amigho é usté de burlarse.
- No, burlarme non, quen puidera falar contigo un par de horas onde ninguén nos vise, vise.
- Pois agora.
- Bueno, si, pero agora non é cousa a propósito pa contarche catro misterios que hai na vida, catro cousas.
- Bueno, don Climente, e eso que me quería contar usté ten algo que ver con Dios e máis cos santos?
- Si. Se buscas a ocasión de estar comigho un par de horas onde ninguén nos vexa, podes facer de conta que se salvou a túa alma.
- Ai, pois eu teño muito interés en saber eso. Quero ir pó ceo.
- Pois nada. Podes facer de conta que te salvaches.
- Pois logho esta noite na miña casa.
- E Xosé?
- Xosé nada, vai á feira a Lestedo vender unhos cuantos leghós e non está na casa.
- Bueno, pos alá vou. Ás dez alá estarei.

A muller cheghou á casa e dixo:

- Xosé, vouche contar un caso que me aconteceu hoxe con don Climente.
- El estivo contigho?
- Estivo. E díxome que quería falar comigho un par de horas onde ninghén o vise.
- E ti que lle respondeches?
- Que viñera esta noite pa miña casa que ti non estabas.
- Ai malo raio che defenda a cabeza! E dixo que viña?
- Si, quedou de estar aquí ás dez.
- Bueno, pois ti deixa a porta acheghada pa que eu poida entrar, que despois eu me encargarei de que lles leve o día sete de Natal.
- Oe, e se fas unha morte?
- Tí cala a boca que eu ben sei o que hei de facer.



Meu dito, meu feito. Inda non deran as nove xa don Climente estaba rabuñando á porta. Entonces ela abreulle e el entrou. Pasoulle unha man pola cara e ela xa andaba dun lado po outro e el andaba como un touro bravo pola cociña. O home tardaba e ela xa se vía comprometida co condenado do cregho. Cando de repente entrou o home pola porta pa dentro con dous criados armados de paus. Non direi a que alí mallaron, non lle puñeron o corpo negro porque xa el o tiña de non se lavar nunca, pero levou unhos fungueirazos como é debido. Despois collérono e desnudárono, e metérono nunha corte onde Xosé tiña unha vaca parida con dous becerriños que aínda mamaban. Ai que lle pasou co diaño dos becerros toda a noite! Un turra por aquí, outro turra por alí. O cregho non pudo cerrar ollo no resto da noite, entre o dolor dos fungueirazos que levara e mailos escornazos dos touros, veuse perdido.

Ó outro día, a xente no adrio da ighlesia, decía:

- E que lle pasaría a don Climente pa non decir misa hoxe?

Un rosmaba dun lado, outro rosmaba do outro entonces xa o pedáneo, con dous homes, quería entrar na casa do cura a ver que fora o que lle pasara, a ver se lle entraran os ladróns na casa e o mataran, ou a ver que pasara.

E entonces ela vendo o rebumbio que había, colleu e abreulle a porta da corte, e saleu pa fóra e díxolle:

- Adiós, meu amante.
- Adiós miña besta, e dille ó teu home que se quere mante-los touros, que compre herba.